

O BARRIO

BOLETÍN INFORMATIVO PARA A VECIÑANZA DE CANIDO



Letreiro indicativo na parcela cedida por Amalín Niebla

O pasado mes de maio a AV de Canido asinou un contrato de cesión en precario da parcela contigua ao actual Bosque de Amalín Niebla, con José Casás Viana e Francisco Garcia Rey, representantes das familias propietarias.

Dende o Consello de Redacción e as entidades sociais que elaboramos O BARRIO realizamos unha defensa desta fórmula de colaboración entre particulares e asociacións, que permite a mellora do espazo público e permite que proxectos como a HORTA COMUNTARIA e o BOSQUE DE ALIMENTOS sexan unha realidade.

Este terreo posúe para nós un interese arbóreo e mesmo paisaxístico. Até hai ben pouco tempo estivo a coidalo Leopoldo Moure, mais dada a súa avanzada idade, xa non o pode atender. A finca conta con especies de máis de cincuenta anos, o que crea na parcela un espazo ideal para instalar un lugar de lecer, ademais da propia produción e recolección de froitas.

Neste momento, a finca precisa de limpeza e da instalación dalgúns elementos como mesas ou bancos. Agardamos convocar algunha xornada de traballo comunitaria coa finalidade de construír un espazo de encontro que terá un gran valor no barrio.

EQUIPO DE REDACCIÓN

Rafael Aguirrebengoa Esnaola

Antonio Casal Velázquez

Guillermo Castro Peccis

Celia Fernández Alvaríño

Maica R. Freire

AXENDA



Agrocabaré

No ano 2023 nacía unha iniciativa que perseguía varios obxectivos fermosos: dar uso aos espazos comúns do barrio, mostrar artes escénicas e disciplinas máis aló da música, e sobre todo, servir como fonte de sustento económico aos proxectos do barrio ligados ao cultivo da terra: accións formativas para o coidado da horta, do bosque de alimentos e da área de compostaxe.

Tras tres edicións moi exitosas e gratamente acollidas pola veciñanza e xa está programada a cuarta edición. Teatro, hula-hoop, baile, *clown*, improvisación, humor, maxia... Todo iso acontecerá nos espazos anexos ás hortas e Centro Cívico o sábado 14 de xuño entre as 13:00 e 17:00 horas.

Un total de once espectáculos serán presentados sobre as táboas do escenario das hortas por Carlos Sante, actor, clown, cabareteiro e nesta ocasión, mestre de cerimonia. E todo aderezado con vermú, cervexa, limoada natural, paellas (con opción vegana) e sorteos de produtos da horta, cedidos pola veciñanza.



4º AGROCABARÉ

COAS ACTUACIÓNS DE:

DIANA SIEIRA (MONOLOGO) - PAJARITO (CLOWN E ESCAPISMO) - MEIGO SIMÓN (MAXIA)
 PATRI CAMEAN (CABARET BURLESQUE) - ALBA TROITEIRO (HULA HOOP EXPERIMENTAL)
 SILVIA E SOFI (MÚSICA E PINTURA) - RAÚL E LUCÍA (BAILE DEPORTIVO LATINO)
 O CATRE TEATRO (TEATRO) - IMPROVISONS (IMPRO MUSICAL) - MARQUES DE VILAPODRE (DJ SET)

PRESENTADO POR CARLOS SANTE (MANICÓMICOS)

RESERVA A TÚA PAELLA
 (VEGANA OU OMNÍVORA)
 NO WHATSAPP : 626363746
 (PREZO: 5€)

TACUÑA INVEJA

14
XUÑO
 A partir das
13:00 h
 HORTA COMUNITARIA
CANIDO
 - FERROL -

ORGANIZAN:



No mes de xullo temos previsto organizar unha xornada formativa e festiva de economía circular. Faremos: o cribado do compost, comida en cocinas solares e xogos populares. Ademais dun mercadiño de intercambio de roupas. Esta iniciativa é posible grazas á complicidade con outras entidades, como Xeración e Ubuntu-Picos do Sol. Estade alerta á convocatoria!



Solpores



Quinta edición de SOLPORES, cun novo concepto baseado en formatos máis pequenos, reducindo capacidade de asistencia para gozar de experiencias máis relaxadas.

Un escaparate das últimas tendencias musicais que combina concertos en directo e DJ's no patio do Centro Cívico. Solpores é un proxecto de Ferror Records que conta coa financiación do Concello de Ferrol e o apoio da AV de Canido. Ademais colaboran selos discográficos, colectivos e profesionais da cidade de fotografía, deseño e audiovisual. Durante estes anos pasaron polo ciclo artistas como Chicharrón, Radio Océano, Mounqup, Auto Sacramental, O Rabelo ou Pablo Leira e seguen a participar formacións de primeiro nivel dentro da vangarda galega.



Esta edición posúe catro xornadas: **21 de xuño, 19 de xullo, 16 de agosto e 20 de setembro**. Este ano encárgase do deseño a ferrolana Elga Fernández. Todo un luxo. O sábado 21 de xuño, a primeira cita, ten a seguinte programación:

- **20:00 Mentah:** Dúo ferrolano que canaliza a esencia máis pura e melancólica do indie ou o emo. Logrou darlle vida a un son que equilibra á perfección a nostalgia e a enerxía, todo envolto en emotividade fría e cautivadora. Acaban de publicar o seu segundo LP “Empty” con Radix Records.
- **21:00 Nutrias:** Grupo de amigos pertencentes á escena underground musical española, que sacaron discos con Cuchillo De Fuego, Phantom Keys, Travesti Afgano, Peluquería Canina, Djalminha, ou Lobishome... Neste novo proxecto móvense na onda de grupos como The Bats, Toy Love, Juan Wauters, Jay Reatard ou The Feelies...
- **22:00 Raquel Plata:** Fiel devota da escena punk galega, coleccionista de vinilos e namorada dos ritmos xamaicanos, deses que fan vibrar o peito. Raquel faranos disfrutar cos sons clásicos do ska, rocksteady e early reggae.



EN PROXIMIDADE

Que é un barrio? Un barrio é a súa xente, os lugares de encontro e o comercio de proximidade. Falamos de empresas locais da man de Hoscompro.

Dende hai varios anos que se pode aprender xaponés no barrio, da man de Esther e Akihiro que chegaron a Canido en 2018, despois de deixar Tokio e Barcelona.

Cubren todos os niveis para aprender este idioma, ademais de preparar os exames cos que se pode acadar unha titulación oficial. As clases presenciais realízanse no Centro Cívico, onde hai 4 grupos de diferentes niveis.

Tamén ofertan clases online, sistema no que posúen moita experiencia e permite recibir a formación sen necesidade de desprazarse.

Actualmente, están traballando na preparación dos cursos intensivos que ofrecen cada verán: serán 2 cursos, un de modalidade online polas mañanas durante o mes de xullo e outro de carácter presencial na AV Canido os meses de xullo e agosto.

Máis información en *Instagram Aula Shizuku*
Este verán aprende xaponés!



REUNIÓN DA AV COA VECIÑANZA DA URBANIZACIÓN DE LARLASA

O pasado día 24, a veciñanza dos bloques e portais de LARLASA abordou en común a problemática da numeración da zona, que causa gran confusión, tanto no plano administrativo coma na telefonía, suministros ou paquetería. Debatindo a partir dunha proposta para establecer dous novos nomes de rúas, as persoas asistentes acordaron que a AV inicie un trámite co Concello para que a numeración da zona se basee nos bloques, en lugar de nos nomes dos edificios (“Canido III”, “Mirador de la Ría” e “Mirador de Canido”) que serán recoñecidos como Bloques 3, 4 e 5. Dende O Barrio iremos informando da evolución desta iniciativa.



DEMANDAS HISTÓRICAS

Sen tempo non era! En outubro de 2024 a veciñanza do barrio xuntouse nunha xornada de traballo e convivencia na pista deportiva de Larlasa para facer reparacións básicas: reparación de redes, mantemento das porterías, poda das árbores, limpeza de maleza...



A intención non era só ter un espazo máis seguro para a rapazada, senón tamén sacarlle as cores a unha administración que planifica unha gran “cidade do deporte” mentres deixa derrubarse as instalacións deportivas xa existentes que usan os nenos e nenas a diario e as que utilizan tanto os equipos deportivos de base coma os equipos da élite; todas en condicións lamentables.

Dende maio, e aínda que sexa a poucos, a pista de Larlasa está a ser reparada, despois de moita insistencia e presión, así que dende O Barrio demandamos ao Concello maior énfase no mantemento adecuado da cidade en lugar de tanto proxecto megalómano.

De momento, dúas demandas veciñais están en curso: o novo parque canino e a reparación da pista e... non foi sen tempo!




NOVO SERVIZO DE ATENCIÓN Á SAÚDE

Dispoñemos dun novo servizo de atención á saúde de **APOIO PSICOLÓXICO**. Trátase de sesións de 45 minutos cun enfoque integrador e adaptado a cada persoa.

Solicita máis información no **614 241 133**, con Tatiana García, experta en psicoloxía positiva.

Servizo baixo demanda, prezo sesión 25 € persoas socias +5€ non socias. Este novo servizo baixo demanda, únese á outros recursos que están dispoñibles dentro do Centro Cívico de Canido:

- **Enfermaría** (Oliva Rodríguez), luns, martes e venres, de 11:00 a 12:00 horas. Dirixido ás persoas socias.
- **Podoloxía** (Thamara Meléndez), baixo demanda no 881 161 665, prezo sesión 20 € +5 € para non socias.
- **Fisioterapia e rehabilitación** (Saray Leira), baixo demanda no 665 793 124, prezo sesión 22 € +5 € para non socias.



O SAN XOAN PROHIBIDO



Énchense xa as rúas co aroma da madeira e herba queimada, das sardiñas e liscos a brasa; cò murmuro de centos de voces, co crepitar das chamas e o son dalgunha gaita. Dende o mirador da Malata obsérvanse aquí e acolá decenas de luminarias pola contorna espalladas. **É a noite de San Xoán, momento de tránsito** onde os feitos máis extraordinarios poden ter cabida: escoitar as campás da maldita Valverde, ver a galiña cos pitiños de ouro e aqueles máis madrugadores ver o sol danzar ou a clara dun ovo transformada nun barquiño de vela.

A auténtica noite onde as meigas fan os seus sortilexios (non o *Halloween* importado) e contra as que compre protexerse. En definitiva, unha festa destacada e celebrada por todo o país. Pero non sempre foi así, pois houbo unha época onde a celebración estivo restrinxida. Debemos poñernos no contexto do Ferrol do século XVIII. Convertida a vila en sede da mariña real, as autoridades militares e civís da praza (da cidade amurallada) **tentaran exercer un control absoluto sobre a vida das xentes**, isto dentro das lóxicas dunha sociedade sen as liberdades e dereitos actuais.

Así pois, en nome da orde pública, gobernadores militares e alcaldes maiores expiden bandos regulando a vida da veciñanza, establécense toques de queda e

a prohibición de congregarse multitudes. Isto choca coa celebración do San Xoán e de San Pedro, tempo no que, ségundo denuncian as autoridades, andan multitudes de homes e mulleres mesturados, nunha festa onde os bailes e cánticos se suceden ata o amencer. Un elemento especialmente temido e prohibido son as cacharelas, polo risco de que se produzan laparadas, especialmente no arsenal e nos estaleiros onde se amorea madeira e outros materiais inflamables. Infausto exémplo, o devastador incendio da fábrica de enxarcia do arsenal, no ano 1794, no que 19 persoas morreron e 20 resultaron feridas ao tentar conter o avance do lume. Co paso do tempo, ao mudar as mentalidades e coa consideración das liberdades, as prohibicións se atenuaron. Así pois, a mediados do século XIX permítense as celebracións e a música nas rúas, sempre que se manteña a orde debida. Tamén se limitan o emprego de fogos artificiais, como *buscapiés*, *cuarratillas*, *triquitraques* e *vollandres*, quedando prohibido arroxalos contra os transeúntes.

Celebremos as nosas tradicións, noutros tempos perseguidas!



ASOCIACIÓN CULTURAL
FERROLTERRA ANTIGA



HERBIÑAS DE SAN XOÁN, LIBRÁDEME DE TODO MAL



1

Unha das tradicións máis populares para A noite de San Xoán é o da elaboración do “cacho de san Xoán” que consiste en apañar sete herbas ás que se lle atribúen algunhas virtudes máxicas ou curadoras, ou que nos aportan o seu fragrante arrecendo, colocalas nunha conca con auga de sete fontes, deixalas pasar á noite ao luar e ó relento para que actúe o resío da mañanciña e nos resulte unha auga perfumada coa que lavaremos a faciana, despexando así malos augurios e outras contrariedades que nos poidan agardar no novo ciclo anual que se inaugura.



2

A tradición dita que, ese ramo, convenientemente atado, será colocado na parte traseira da porta de acceso á nosa vivenda e aí estará durante un ano gardando o noso fogar de males. Tamén, que o ramo do ano pasado, o que nos protexeu durante todo o ano que acaba de pasar, será queimado nalgunha das luminarias que se prenden esa mesma noite.



3

Doutro lado, a tradición é flexible. As sete herbas poden ser moitas máis, e a auga, que ao fin de contas auga é, non precisa ter abrollado de sete canos ou mananciais diferentes. A relación de herbas varía dunhas zonas a outras en función das máis doadas de atopar en cada comarca e resulta posible elaborar listaxes con máis de 30 plantas útiles para facelo cacho.

Non hai unha fórmula única para a confección da cunca na que poñemos as herbas e a auga coa que faremos a auga perfumada de San Xoán.



4

Aínda que, como dicíamos, as tradicións territoriais permítennos recoller un número superior ás 30 plantas para confeccionar o “cacho”, hai sete plantas que aparecen con maior frecuencia:

1. Flor de San Xoán ou “espantademos” - Falsa árnica - *Helichryssum foetidum*
2. Fiucho preciso para evitar o mal de ollo - *Foeniculum vulgare*
3. Herba luisa que protexe dos enganos e do mal de amor - *Aloysia citriodora*
4. Malva silvestre quen de abrandar os caracteres máis duros - *Malva sylvestris*
5. Fento macho, protector dos fogares - *Dryopteris filix-mas*
6. Romeu, herba que estimula e purifica - Romero - *Rosmarinus officinalis*
7. Codeso - *Adenocarpus complicatus*



5



6



7

Nota. Hai que ter en conta que, aínda sendo plantas abundosas nas datas de San Xoán, non son infinitas. Por iso hai que ser prudentes na súa recolección. Non se deben arrincar as herbas e é suficiente con coller unha parte da planta sen danala gravemente.



Imaxe dunha das conferencias do ciclo, celebrada no Centro Cívico

FORO CIADÁN POLO FERROCARRIL

No mes de febreiro a AV xunto con outras entidades do barrio, como Muíño do Vento, participa nun FORO CIADÁN POLO TREN, do que forman parte hoxe doce entidades. En abril deron inicio unha serie de conferencias e en maio comezaron os contactos coas institucións e responsables políticos, co gallo de poñer na axenda pública a situación do tren nas nosas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegá.

O Foro persigue a dignificación do transporte por ferrocarril, contando cun servizo acorde cos tempos e coas necesidades de mobilidade e desenvolvemento da cidadanía. A actividade do Foro vai continuar, e con máis decisión se cabe, rexeitando a medida de *Renfe* de eliminar o tren directo Ferrol-Madrid a partir do 9 de xuño. Deste xeito, estase a elaborar un documento que sintetice os compromisos que se pretende que asuman as administracións no referido ao trazado e servizo ferroviario.

Igualmente, continuaranse coas xuntanzas dirixidas a diversas entidades sociais, para levar a cabo accións de divulgación e reivindicación. Ademais, manteranse reunións co Concello de Ferrol (Alcaldía e Xunta de Portavoces), coa finalidade de recibir información sobre a recente xuntanza celebrada coa Xunta de Galicia sobre a mellora da mobilidade e do transporte ferroviario.

#mobilidade #desenvolvemento #comarcas #tren